

A ILLA DE AROUSA, 14 DE XUÑO DE 2026

PDRA

Bos días a todos, bos días a todas!

Dámosvos a benvida a esta marabillosa Illa de Arousa que nos acolle de corazón cos brazos abertos.

Estamos aquí porque nos preocupa, nos indigna e nos escandaliza que a Xunta de Galicia siga adiante coa mina de cobre de Touro-o Pino e coa celulosa de Palas de Rei.

Hoxe é un día histórico para Galiza. Hai 8 anos que enchemos a Praza do Obradoiro en Santiago contra o primer proxecto da mina de Touro. E tamén hai dous anos que comezamos a loita contra Altri desbordando Palas de Rei.

Isto significa que somos un pobo informado e con criterio propio. Un pobo que se organiza, que loita e resiste.

Un pobo que ama a súa paisaxe viva e se identifica co territorio.

Un pobo que reconece a súas raíces e as defende fronte ao intento uniformador e impersoal.

Un pobo unido que defende á súa NAI:

A TERRA e o MAR que nos dan de comer;

O AIRE que nos permite respirar;

O RIO do que bebemos e do que beberán as nosas fillas.

Estamos aquí, para defender a auga que é a nosa vida.

A auga que o Sr. Rueda quer agasallarlle aos proxectos depredadores da mina e da celulosa.

A auga que precisamos neste contexto de cambio climático para garantir a nosa soberanía alimentaria.

Estamos aquí, nunha manifestación por terra e por mar para defender o noso modo de vida.

A nosa xente do mar está aí diante cos seus barcos.

Barcos tradicionais que falan da nosa historia.

Barcos bateiros e de marisqueo que nos falan dunha ría potente que vive do seu traballo.

Barcos que defenden o futuro da ría, a pesares do abandono das súas obrigas da Consellería do Mar.

Que se escoiten os barcos, falade xente do mar!!!

..... BOCINAS DOS BARCOS.....

Lembrádesvos cando levamos ao Parlamento de Galicia a ILP para declarar de interese xeral ao sector tradicional do mar?

Lembrades que asinaron 19.000 persoas?

Cal foi a resposta do Partido Popular? Que NON, que de interese xeral NADA!.

Que eles de INTERESE XERAL só declaran á PEIXECULTURA.

Por iso non nos debe extrañar que declaren proxectos industriais estratéxicos, a MINA DE TOURO, a CELULOSA DE ALTRI,,,,, ou a PLANTA DE BETUME, que terían que ubicar nun porto exterior e non nun porto urbano no fondo da ría máis produtiva.

A Xunta da Galicia defende os proxectos que espolian a nosa terra e rouban a nosa auga. Poñen en perigo o noso traballo e modo de vida, a nosa saúde e o futuro das xeracións vindeiras.

Empresas coas que destrúen os sectores produtivos, enchen de eucaliptos a paisaxe e de contaminantes as augas. Eucaliptos sedentos de auga que secan os nosos pozos e nos traen eses incendios de sexta xeración que ameazan o noso rural.

Hai dez anos que nola teñen xurada, desde que lles paralizamos o proxecto de lei de acuicultura de Galicia e daquela xurdiu o problema artificial da mexilla para intentar dividirmonos.

**AGORA, cando a ría de Arousa está na UCI,
XUSTO AGORA, cando máis precisamos que a Xunta cumpra coas súas obrigas competenciais,**

AGORA miran para outro lado e fan unha campaña propagandística cuns convenios indignos, sin soporte legal no DOGA, que reparten a miseria e que só animan a abandonar o mar.

XUSTO AGORA o Sr. Rueda pretende botarnos os dragados do río Lérez perto da illa de Sálvora. Esiximos que o MITECO elimine ese punto de vertido na entrada da ría e o traslade lonxe da corrente do afloramento.

Esixímoslle ao Sr. Rueda que cumpra coas súas obrigas competenciais, que actúe contundemente contra os vertidos e a contaminación, que faga un saneamento integral das rías e ríos e que rexenere os bancos marisqueiros pagando a Xunta a “semilla”.

Como pode ser que tras décadas de goberno non foran quen de ter “hatcheries” para producir a semente que precisamos?

Ata cos desencoros amosan que son servís coas grandes empresas eléctricas. Non se atreven a regularlos para impedir as riadas que nos rouban o marisco ano tras ano. Augas de Galicia é a responsable.

**Porque queren botarnos do mar e deixar morrer a ría:
Queren que as confradias pechen e decaian as concesións marisqueiras.
Queren privatizar o mar e darllo aos seus amiguetes.
Por iso non solucionan os nosos problemas e só dan esmolos propagandísticas.**

PLATAFORMA ULLOA VIVA

Os que están hoxe neses barcos e os que estamos en terra temos claro que “A TERRA E O MAR”, “O RÍO E A RÍA” son o pasado, o presente e o futuro do noso país, e dos nosos fillos e fillas.

Somos un país rico en recursos naturais e por iso sabemos que veñen por nós. Hai anos que o PP e a Xunta queren acabar co sector primario. Aí está o intento de privatizar os montes comunais e de encher de eólicos o mar e a terra. O sector agrogandeiro e o sector do mar estorbámoslles no seu plan de vender Galiza ao mellor postor, de encher de minas o país, de encher os petos dos seus amigos e deixar que espolien os nosos recursos. Estannos chuchando o sangue. A nosa riqueza vai para fóra e nós queremos que quede neste país.

O seu intento de impoñernos a mina e a celulosa como modelo de industrialización deste país É UN INSULTO Á INTELIXENCIA.

Xusto no contexto actual de cambio climático cando a auga vai ser máis importante, escasa e valiosa. Queren agasallarlla aos seus amiguetes. Nós precisamos auga de calidade para beber as nosas familias, para as nosas actividades agrogandeiras e marisqueiras e para un turismo sostible e a Xunta do PP vai contaminarnos máis a auga e vai poñer en risco o futuro das vindeiras xeracións.

Esta manifestación ven marcada polo recente anuncio fantasma da Xunta de archivar o proxecto de Altri. Este goberno non entende que as mentiras teñen patas curtas, que xa sabemos como, a cada paso que dan, retroceden un... Non nos importan as súas tácticas; a nosa estratexia é continuar a loita ata o final.

Repetímosllo outra vez: ATA O FINAL!

Dixeron que o problema estaba na planificación eléctrica do estado español; a empresa di que ten a solución na súa propia planta de coxeración; BLA BLA BLA...

Nós dicimos: DEIXEN DE TOMARNOS POR TONTAS.

Non se lembran das primeiras charlas en Palas de Rei?

O “*Bienvenido Mr. Marshall*” xa pasou! Van un capítulo por detrás!

Xa sabemos o que significa o *greenwashing*!

Din que o arquivan, nós dicimos que o enterren!

Din que o deixan caducar, nós dicimos que o rematen!

Queremoslle lembrar ao Pdte da Xunta, Sr. Rueda que aínda non deu a cara, nen aclarou diante da opinión pública a natureza dos compromisos firmados no convenio de Altri con Impulsa, a pesar de ser ésta sociedade maioritariamente de capital público. Compromisos que pagaremos os contribuintes pero que, por algún motivo, nos oculta o Sr. Presidente.

PLATAFORMA MINA DE TOURO

Tamén estamos á espera da anunciada Declaración de Impacto Ambiental do novo macroproxecto da mina de cobre de Touro.

O proxecto da mina de cobre de Touro de Cobre San Rafael e Atalaya Mining é unha copia do anterior de 2017, que xa foi rexeitado en 2020 cunha DIA negativa e que -coa lei na man- non podía admitirse a trámite.

Un proxecto claramente contaminante que provoca drenaxes acedas de metais pesados, perturba a vida nas aldeas do entorno con fortes explosións diarias, ocupa 812 ha, provoca unha forte contaminación atmosférica de partículas en suspensión e arsénico e impide o desenvolvemento da agrogandeiría e do turismo sostible do Camiño de Santiago.

Hai uns días o ICOMOS, por segunda vez, reclamoulle ao Goberno galego que anule os permisos para reabrir a mina, entre outros motivos, polo seu impacto no Camiño de Santiago.

Ante a gravidade deste proxecto nós preguntámonos:

Pode Galiza asumir una explotación mineira destas dimensións nunha bacía hidrográfica tan sensible?

Imos sacrificar as nosas actividades agrogandeiras, marisqueiras e pesqueiras que dependen da calidade das augas?

Quen asumirá os pasivos ambientais que nos van quedar a perpetuidade?

Estamos diante dun modelo de industrialización que destrúe o noso tecido produtivo do marisqueo, as bateas, a agrogandeiría e o turismo sostible, coa conseguinte perda de postos de traballo, de calidade de vida e de vertebración do territorio.

**Contaban con que caláramos, contaban con seguir co seu plan sen
estorbos, pero o pobo galego tirou de orgullo e dignidade,
en Palas de Rei,
en San Caetano,
no Obradoiro,
na Pobra do Caramiñal
e hoxe na Illa de Arousa,**

**Todas xuntas somos imparables, non contaban con nós, non
contaban con que a dignidade de todo un pobo puxera paus nas rodas
aos seus negocios.**

**Non nos van desmobilizar, porque aínda hai percorrido para seguir
presionando na Galiza, en España e en Europa.**

**Queremos a DENEGACIÓN dos proxectos, a potenciación dos nosos
sectores produtivos e a protección ambiental do Ulla e da ría de Arousa.
Temos que seguir mobilizándonos e alerta para defender este país.**

NEN ALTRI, NEN MINA!

A NOSA AUGA NON SE TOCA!!

VIVA O RÍO ULLA!

VIVA A RÍA DE AROUSA!